



## PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN e DA COMUNICACIÓN NO IES CANIDO (Ferrol, A Coruña)

### PREÁMBULO

- Para o deseño deste plan tivéronse en conta as directrices da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- O presente plan é un plan de mínimos, pero cuns obxectivos que teñen unha vocación clara de cumprimento. Os obxectivos enmárcanse nas necesidades concretas do IES Canido
- Este plan, unha vez aprobado na CCP, deberá xuntarse ao Plan Xeral Anual formando parte del.

### 1. OBXECTIVOS

- a) Aproveitar dun xeito óptimo os recursos TICs existentes no IES Canido
- b) Fomentar o uso das TICs en tarefas de xestión administrativa por parte do profesorado
- c) Fomentar a creación e/ou obtención de recursos TICs para a súa utilización dentro da aula
- d) Aumentar a formación no uso do software libre en toda a comunidade educativa, en concreto no uso do sistema operativo Ubuntu, para unha próxima inmersión dentro do proxecto Abalar.

### 2. ACCIÓNS ENCAMIÑADAS Á CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Falaremos das medidas encamiñadas á consecución de cada un dos obxectivos:

- a) Aproveitar dun xeito óptimo os recursos TICs existentes no IES Canido
  - Inventariar os recursos TICs (PCs, portátiles, impresoras, canóns de vídeo, etc.)
  - Formación interna do profesorado sobre o uso dos recursos existentes
  - Buscar a formación externa, se fose necesario, daqueles recursos nos que temos déficit de formación para o seu manexo
  - Compromiso dos departamentos didácticos de incorporación progresiva no uso das TICs como un recurso ou un procedemento máis.
- b) Fomentar o uso das TICs en tarefas de xestión administrativa por parte do profesorado
  - Mantemento da Web do instituto actualizada
  - Dinamización do uso das TICs mediante a autoformación, ben formando parte de grupos de traballo/seminarios permanentes ou ben como partícipes en proxectos de formación no propio centro
  - Fomentar a formación do profesorado mediante cursos a distancia (UNED, Servizos Centrais, Aula Mentor) que formen nas TICs
  - Fomento dos servizos da Intranet (carpetas compartidas, impresión, servidor web interno).
- c) Fomentar a creación e/ou obtención de recursos TICs para a súa utilización dentro da aula
  - Reflexión sobre o equilibrio no uso das TICs: non son un fin en si mesmo se non un medio, un recurso, para a consecución dun fin. Polo tanto, cada departamento, cada profesor de xeito individual, ten que pensar que recursos pode incorporar na súa materia (posto que a programación didáctica ten que sinalar os obxectivos, os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais, parece lóxico incorporar as programacións os recursos TICs concretos que se usarán cos alumnos)
  - Buscar recursos TICs en Internet para usalos tal e como os atopamos ou facéndolles as modificacións pertinentes
  - Fomentar a autoformación do profesorado mediante as modalidades de formación do plan anual de formación do profesorado ou utilizando outras estruturas de formación de universidades, sindicatos, etc.
  - Crear recursos para usar dentro da aula cos alumnos sendo compatibles co software libre.

### **3. AVALIACIÓN DO PLAN**

- a) Avaliación inicial
  - Instrumentos (fichas con items adecuados)
  - Quen avalía (Coordinador TICs)
  - Que se avalía (recursos existentes, punto de partida do profesorado)
- b) Avaliacións trimestrais (decembro 2010; marzo 2011; xuño 2011)
  - Accións levadas a cabo
  - Avaliación das accións na súa relación coa consecución dos obxectivos
  - Grao de consecución dos obxectivos
- c) Avaliación final (setembro de 2011; esta sentará as bases para a avaliación inicial e os obxectivos do próximo plan bianual de setembro de 2012 ata agosto de 2014)
  - Situación inicial (proporcionada pola avaliación inicial)
  - Obxectivos acadados e grao de consecución
  - Obxectivos non acadados
  - Propostas de accións encamiñadas á consecución dos obxectivos non acadados (para o novo plan bianual)
  - Proposta de novos obxectivos a incorporar ao novo plan bianual

### **4. MEMORIA FINAL**

- Memoria final presentada a CCP e ao Claustro sobre o grao de cumprimento dos obxectivos deste plan redactada polo coordinador TICs coa participación de todos os profesores que optaron ou foron asignados pola dirección do IES Canido ás labores de dinamización das TICs
- Debe estar redactada a máis tardar nos primeiros días do mes de setembro de 2009, con tempo suficiente para que sexa coñecida polo claustro e CCP e sirva de base para a redacción do seguinte plan bianual.

Entendemos que o presente plan admite incorporacións de medidas encamiñadas á consecución dos obxectivos na medida en que se vaian realizando as accións estipuladas no presente plan. Neste caso, incorporaranse á redacción do presente plan.

Rematouse esta primeira redacción do plan de integración das TICs do IES Canido, o nove de xaneiro de dous mil oito.